Rías Baixas

memoria exercicio 2006

Estimado/as Adegueiro/as:

Compráceme moito presentarvos un ano máis os resultados do sector vitivinícola de Rías Baixas a través desta memoria. Simplemente gustaríame destacar que no último ano temos medrado un 15% no mercado nacional, e case un 32% no mercado internacional. Son uns grandes resultados se temos en conta que ao longo dos últimos doce meses, os viños con D.O. teñen vivido momentos de grande incerteza. Sen embargo, estas cifras mostran a evolución dun sector profesionalizado e cohesionado, ao que cada un de nos, co noso traballo individual e colectivo, témoslle aportado moito. O traballo en común e a defensa da calidade e orixe destes viños tan xenuínos permitiulle as adegas pequenas acceder a novos mercados, moitas delas no ámbito da exportación.

Aproveito esta ocasión para facer unha pequena reflexión de quen somos e a onde nos estamos dirixindo. Dezaoito anos, que son os que ten esta Denominación de Orixe, representan a adolescencia na vida dunha persoa, canto máis na vida dun sector con vocación de perpetuarse. Proba diso é que, en tan só 18 anos, Rías Baixas soubo evolucionar e medrar pasando das 237 ha. de viñedo inscritas inicialmente, ás 3.200 ha. que existen na actualidade, cun rexistro de 6.307 viticultores, 19.209 parcelas e 182 adegas.

O traballo cada vez máis profesional de viticultores e adegueiros, os rigorosos controis aos que o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas somete aos seus viños, todo elo unido ás magníficas cualidades da nosa variedade raíña, o albariño, xustifican, o seu alto nivel de calidade e que os viños desta Denominación de Orixe se teñan convertido nun referente entre os viños brancos do mundo. Non podemos esquecernos do esforzo e o tesón dun sector cada vez máis competente, que conxuga á perfección tradición e vangarda.

Rías Baixas vive un momento decisivo, un momento no que o viño desta Denominación de Orixe está presente nos principais mercados internacionais. Ademais, na actualidade, esta D.O. tense convertido na denominación máis grande do panorama vitivinícola galego, cunha produción que supera xa a suma das catro restantes.

A Denominación de Orixe Rías Baixas ten agora a obriga de consolidar e engrandecer aquelo que ten acadado para que a brillante adolescencia de Rías Baixas se converta nunha xuventude plena e duradeira, que faga posible crear cada vez maior riqueza e benestar na nosa zona.

María Soledad Bueno Berrio-Ategortúa
Presidenta do Consello Regulador D.O. Rías Baixas

PRESIDENTE

Dna. María Soledad Bueno Berrio-Ategortúa

Presidenta Consello Regulador D.O. Rías Baixas

VICEPRESIDENTE

D. José Manuel Cores Tourís

Vicepresidente Consello Regulador D.O. Rías Baixas

VOCAIS TÉCNICOS

D. Amadeo Gonzalo Constenla Bergueiro

D. Antón Vázquez Caamaño

Vocais Técnicos do Consello Regulador D.O. Rías Baixas

SECTOR VITICULTOR

D. José Araujo Peña

D. José Arosa Castro

D. Eladio Dadín Dopazo

D. Jorge Valentín Freijanes Morales

D. Francisco Javier Martínez Serantes

D. José Manuel Ruibal Martínez

D. Angel Suárez Vicente

Compoñentes sector viticultor Consello Regulador D.O. Rías Baixas

SECTOR VINÍCOLA

D. Fernando Bandeira García

D. Xosé Ramón Durán Martínez

D. Juan Gil González de Careaga

Dna. Paula Nieto Cebeiro

D. Luis Rodríguez Balsa

D. Isidoro Serantes Serantes

D. José Simón Ferro

D. Juan A. Vázquez Gancedo

Compoñentes sector vinícola Consello Regulador D.O. Rías Baixas


CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
PRESIDENTA DO CONSELLO REGULADOR
Dna. María Soledad Bueno Berrio-Ategortúa
VICEPRESIDENTE
D. José Manuel Cores Tourís
PLENO
8 Vocais sector viticultor
8 Vocais suplentes
8 Vocais sector vinícola
8 Vocais suplentes
2 Vocais técnicos
COMISIÓN DE VITICULTURA
COMISIÓN DE PROMOCIÓN
COMISIÓN PERMANENTE
COMISIÓN DE LEXISLACIÓN
COMISIÓN DE DISCIPLINA
SECRETARIO XERENTE
D. Ramón Huidobro Vega
ASESORÍA XURÍDICA
D. Enrique Pantín
COMUNICACIÓN
Dna. Loreto Vázquez
Dna. Cruz Devesa
SERVIZOS TÉCNICOS
ADMINISTRACIÓN
PROMOCIÓN
D. Agustín Lago
(Director Técnico)
D. Fernando Vilariño
D. J. Luis Martínez
D. Rubén Baz
D. Javier Ignacio
Dna. Mª Carmen Moares
Dna. Eva Mínguez

Madurez productiva

Medran as expectativas arredor dos Rías Baixas de anos

Din que a madurez chega cando un pode pararse a pensar un pouco, sen ter que segui-lo ritmo trepidante da vida xuvenil, sempre abocada as sensacións do momento.
Se botamos a vista atrás, deberiamos cuestionarmonos se o traxecto da nosa Denominación ten chegado xa a un punto de madurez. É dicir: se tras os intensos anos de traballo para poñer en pé un sector moderno, con viños de calidade capaces de defenderse nun mercado cada vez máis aberto e competitivo compre agora reorganiza-la experiencia adquirida para encarar unha etapa de madurez productiva.

A opinión convencional en torno aos Rías Baixas é a que os define como viños brancos de calidade "novos" ou "do ano". Uns viños capaces de recoller en poucos meses tódolos matices sensoriais inscritos na súa traxectoria ambiental, e devolvelos en forma de aroma, cor ou gusto, sempre en equilibrio, dando o mellor de sí nun curto ciclo vital. Son moitos os que aplauden os logros desta espléndida xuventude. Pero son cada vez máis os que lle piden a estes brancos unha madurez que poida mellorar esas expectativas esgotadas en tan curto ciclo vital.
Entón a pregunta é: están listos os Rías Baixas para perdurar no tempo? Hai que botar á vista atrás para entender esta pregunta que agora se formula.

Exemplar da Executoria do século XVIII onde se recollen os detalles do pleito sobre o escudo do Pazo de Mugartegui, e ilustración do escudo procedente do mesmo documento conservado no Museo de Pontevedra.

As primeiras experiencias coa madeira datan do 1990, cando o propio regulamento da DO non contemplaba a "crianza" e non se permitía xa que logo a calificación dos viños criados na barrica.

Hoxe esa técnica, baseada no difícil equilibrio entre os aromas da uva e da madeira, o coñecemento dos complexos fenómenos da bioquímica necesarios para unha correcta "maduración", é un camiño aberto para conseguir unha elaboración máis sofisticada dos Rías Baixas e desenvolver a partir de aí novas marcas, captar padais e abrir novos mercados.

Paralelamente, as tentativas para poñer de relevo a capacidade de evolución dos nosos viños na botella non son de agora. Desde 2001 o Consello Regulador empezou a incorporar catas verticais de viños de distintos anos nos actos de promoción, co obxectivo claro de ir formando unha opinión entre os expertos. No 2003 o pleno do Consello Regulador analizaba as mensaxes coincidentes de expertos nacionais e estranxeiros no sentido de que había un potencial por explorar canto a evolución das anadas de Rías Baixas.

Pero o gran obstáculo seguía sendo a falta de existencias. Só algunhas grandes adegas podían permitirse a experimentación reservando para eso uns stocks de produto que non estaban ao alcance da maioría. As colleitas anteriores foran suficientemente irregulares como para "meter o medo no corpo" dos adegueiros. Estaban aínda moi presentes vendimas como as do 98 e 99 onde as adegas entraron nunha forte dependencia dos viticultores por falta de colleita.

Pero hoxe se pode dicir que as políticas de reconversión e reestructuración deron os seus froitos: por riba das eventualidades climatolóxicas a Denominación Rías Baixas é xa a primeira en cantidade de toda Galicia e os incrementos das colleitas parecen asentar esa tendencia evolutiva. Tras anos de preparativos nos viñedos e despois dunha serie de anos de vendimas abondosas, o conxunto da DO incrementou case un 40 % a produción entre 2004 e 2006.

O camiño emprendido pasa

Detalles de diferentes espazos destinados a promoción na nova sé do Consello Regulador.

Tras anos de preparativos nos viñedos e despois dunha serie de anos de vendimas abondosas, o conxunto da D.O. incrementou case un 40 % a produción entre 2004 e 2006.

As adegas contan cunha cantidade de viño de reserva suficiente e as opinións con respecto á evolución dos Rías Baixas na botella son moi favorables.

Hai moitas razóns comerciais para emprender o camiño da evolución dos nosos viños.

tamén por facer chegar ás adegas esa liña de opinión favorable a evolución do viño, sempre con garantías de calidade. O importante é a previsión, sobre todo cando as dúas últimas colleitas son cualificadas de "Excelentes", para que pouco a pouco as adegas poidan contar cunha cantidade de viño de reserva suficiente.

En consonancia coas análises da situación feitas polos responsables do Consello, a partir de 2004 empezan a organizarse catas verticais con xornalistas e prescriptores coa intención de empezar a estender esa idea dos Rías Baixas como viños brancos con capacidade para evolucionar e mellorar na botella.

Non era aínda o momento para saír á palestra cunha cata específica para anadas de Rías Baixas, pero no mesmo 2004 fixéronse en Madrid catas con viños de 1996 a 2001 con moi bos resultados acreditados polos expertos máis influentes do panorama nacional.

Desde entón as catas verticais de Rías Baixas convértense en práctica habitual en tódalas feiras sectoriais e presentacións dos nosos viños. Curiosamente, son os viños máis vellos (en torno ao ano 2000) os que veñen sendo máis valorados nestas catas.

Os expertos analizan estes retos desde un dobre punto de vista. Por unha banda, no aspecto elaboración advirten da necesidade de aplicar todo o coñecemento dispoñible e



Os novos materiais combinanse coa pedra e a madeira orixinais, destacando o valor do pasado e adaptándoo a novos usos.

tamén un certo "savoir faire" dos enólogos para obter bos resultados. Ao cabo, a busca de novas fórmulas de elaboración e penetración dos mercados non pode xogar en contra do prestixio adquirido da marca "Rías Baixas".

Así pois compre insistir na incorporación das mellores técnicas de cultivo, maduración e elaboración coa vista posta no obxectivo de gañar un mercado de maior categoría e prestixio internacional, mantendo a liña "tradicional" dos viños novos e afroitados que o consumidor seguirá demandando.

Se trata dunha aposta que poden afrontar aquelas adegas que teñan capacidade para xogar as dúas partidas, con coñecemento, capacidade e viñedos para facelo, e que busquen un rendemento máis baixo a favor dunha maior calidade.
Podemos sinalar a ese respecto que outras zonas vitícolas emprenderon xa ese camiño, onde os obstáculos a sortear eran a elaboración de viños oxidados en exceso e que hoxe gozan de gran prestixio. Toda a información é pouca e non estaría de máis un grao extra de formación neste campo, a partir da opinión dos técnicos autorizados.

As estratexias comerciais

Hai moitas razóns comerciais para emprender o camiño da evolución dos nosos viños. As oscilacións propias das colleitas podería ser compensada sempre con stocks suficientes, porque as empresas traballan xa con previsións de stocks de calidade.
Pero afianzar tendencias no mercado non é algo que se poida improvisar. Tras a selección do tipo de uva, os procesos de elaboración e conservación, chega o momento do consumidor e do mercado. É precisamente no terreo da estratexia comercial onde queda máis camiño por facer, segundo opinan os expertos.

En primeiro lugar non parece haber risco na convivencia de dúas fórmulas para o Ría Baixas. A imaxe única dun "viño novo do ano" que ten ata o de agora debería convivir sen problemas coa de "viño de anos". Os expertos

non ven nubes nese horizonte no mercado nacional, onde os brancos de guarda non abundan. As exitosas catas verticais que se levan facendo desde hai anos confirman unha boa recepción por parte dos expertos.

Outra cousa é o mercado internacional, coa omnipresencia da borgoñesa "chardonnay". Aquí a batalla será a da información: máis alá dos actos de promoción, producidos moitas veces nun entorno de certa saturación (grandes feiras e certames internacionais, onde as veces o viño mesmo non é o único protagonista) precísase máis coñecemento da cultura que hai detrás dos Rías Baixas.

A cultura tradicional de respecto e selección dunha uva como a albariña; a moderna viticultura aplicada hoxe nas adegas; os esforzos por atopar métodos que permitan a evolución dun gran viño en barrica (con delicados e difíciles equilibrios entre a madeira e os aromas naturais), ou estancias en aceiro.

Pero algo moi distinto é variar a percepción dos consumidores e daqueles profesionais que poden influír nestes últimos. No sector da hostalería, por exemplo, ao dicir dos adegueiros e expertos, son raros aínda os restaurantes onde conviven dúas, non digamos tres ou máis anadas de Rías Baixas. O sector pode ser un factor "retardante" na busca cara dese perfil complementario dos "viños do ano"para os Rías Baixas. De feito, moitos sumilleres apuran aos distribuidores a servirlles a "nova anada" ao principio do ano... porque quedan sen existencias do ano anterior. Este tipo de prácticas están baseadas máis na inercia comercial adquirida que na realidade actual duns viños que non dependen tanto do calendario. Algúns expertos opinan que o Consello Regulador debería retrasar a saída dos viños do ano.

E mentres tanto, queda soñar e preparar un futuro onde os Rías Baixas poidan estar situados entre os viños brancos máis nobres do mundo, un paraíso que algúns críticos afirman ter detectado xa con ocasión dalgunha cata vertical de viños da nosa Denominación.

A vendima

Unha campaña sen problemas para unha colleita excelente

A campaña vitícola 2006 foi espectacular, con producións finais dun 39,85 % por riba da colleita 2005, que fora xa unha estupenda colleita.

A calidade, cos datos disponibles, está xustificada por unha banda no bo estado hixiénico e sanitario da uva na entrada en adega, estupendas graduacións, e, a falta das primeiras calificacións, todo parece indicar que os viños este ano poderán mante-lo nivel das últimas campañas.

Levamos un ciclo de varias campañas seguidas marcadas por unha climatoloxía un tanto especial, con moi poucas precipitacións anuais e abondosos días de sol. Deste xeito os problemas fitosanitarios e ataques de plagas en xeral foron mínimos, propiciando unhas magníficas colleitas.

O ciclo vexetativo do 2006, tamén moi parecido ao de 2005, foi abondoso en nacemento de acios, boa floración e homoxéneo callado do froito. O verán prolongouse con altas temperaturas e escasísimas precipitacións, provocando un bo estado de maduración, con graduacións en vendima por riba de 12 e 13 graos (se ben nalgúns casos a acidez situouse se cadra un tanto máis baixa do desexado).

A nota máis chamativa foi o peso dos acios, por riba dos 160 gramos e tamaños ás veces espectaculares, en castes como a Loureira Branca, a pesar da altísima sequedade do periodo estival.

Superficie

DATOS DOS ÚLTIMOS DEZ ANOS











DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

Val do Salnés

Barro*
Caldas de Reis*
Cambados*
O Grove*
Illa de Arousa
Meaño*
Meis*
Portas*
Ribadumia*
Sanxenxo*
Vilagarcía de Arousa*
Vilanova de Arousa*

Soutomaior

Soutomaior*

O Rosal

Gondomar
A Guarda*
O Rosal*
Tomiño*
Tui**

* Tódalas parroquias deste Concello están inscritas na Denominación de Orixe Rías Baixas.

** As parroquias deste Concello están rexistradas en dúas subzonas según a localización xeográfica.

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2006)

Viticultores



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

TOTAL: 6.307

Superficie (has.)



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

TOTAL: 3.200,2

Superficie-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

TOTAL: 0,50

Parcelas



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

TOTAL: 19.209

Parcelas-viticultor



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnes

TOTAL: 3,04

Vendima

RENDEMENTOS

Superficie (Has.)

2000	2.292
2001	2.391
2002	2.523
2003	2.643
2004	2.825
2005	3.022
2006	3.200

Vendima (Kg.)

2000	8.499.771
2001	16.811.666
2002	13.253.242
2003	16.420.298
2004	22.754.758
2005	21.886.913
2006	30.608.944

Rendemento (Kg./Has.)

2000	3.708
2001	7.032
2002	5.252
2003	6.212
2004	8.054
2005	7.242
2006	9.565

PRODUCIÓN POR CASTES / SUBZONAS - COLLEITA 2006

ALBARIÑO



PORCENTAXE DO TOTAL: 94,71 %

LOUREIRO



PORCENTAXE DO TOTAL: 1,53 %

TREIXADURA



PORCENTAXE DO TOTAL: 1,95 %

RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (Kg. / Litro)



VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

	Uva importada
CONDADO DO TEA	1.309.558
O ROSAL	649.847
RIBEIRA DO ULLA	42.602
SOUTOMAIOR	0
VAL DO SALNÉS	267.434

OUTRAS BRANCAS



PORCENTAXE DO TOTAL: 0,89 %

TINTAS



PORCENTAXE DO TOTAL: 0,92 %

TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES 2006 en kilos

Albariño	28.988.336
Loureiro	469.556
Treixadura	596.089
Outras brancas	273.050
Tintas	281.913

Uva exportada	*Uva vinificada*	*Uva vendimada*
335.610	6.573.516	5.599.568
735.589	3.987.553	4.073.295
150.900	434.289	542.587
23.638	30.832	54.470
1.023.704	19.582.754	20.339.024

DATOS DOS ÚLTIMOS OITO ANOS — en kilos

Albariño



Loureira



Treixadura



Outras brancas



Tintas



UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
CONDADO DO TEA	376.249	1.017.815	688.781	596.474	491.689	433.796	335.610
O ROSAL	71.379	128.158	117.387	156.522	250.407	266.046	735.589
RIBEIRA DO ULLA	14.596	24.285	22.777	23.425	29.521	68.756	150.900
SOUTOMAIOR	1.993	4.139	3.004	7.765	10.953	18.038	23.638
VAL DO SALNÉS	476.260	791.641	650.550	988.958	1.316.537	1.055.455	1.023.704

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
CONDADO DO TEA	285.873	351.626	364.025	662.455	856.318	932.444	1.309.558
O ROSAL	526.390	1.359.947	1.030.704	1.013.692	983.987	687.136	649.847
RIBEIRA DO ULLA	-	55.899	33.964	36.329	54.823	46.370	42.602
SOUTOMAIOR	13.589	22.203	17.143	24.509	9.311	8.245	0
VAL DO SALNÉS	114.624	176.362	36.663	36.159	194.668	167.896	267.434

COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN (2001-2006)



PROPORCIÓN DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN EN 2006



UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2000-2006 (datos en Kg.)

	Condado do Tea	*O Rosal*	*Ribeira do Ulla*	*Soutomaior*	*Val do Salnés*
2000	1.926.354	1.697.858	79.010	32.477	4.764.072
2001	3.076.668	3.214.300	367.075	72.251	10.081.371
2002	2.661.100	2.523.771	197.692	39.911	7.830.766
2003	3.545.707	2.865.197	244.834	50.606	9.713.954
2004	4.634.944	3.335.941	382.132	54.319	14.347.422
2005	5.189.950	3.120.300	372.052	37.777	13.166.834
2006	6.573.516	3.987.553	434.289	30.832	19.582.754



Datos destacados

CASTES

Con respecto ás castes, hai que destacar un importante aumento na produción de variedades brancas como caiño, godello, torrontés, e tintas como espadeiro, mencía e sousón, sobre todo debido á entrada en produción de prantacións máis novas.

SUBZONAS

Con respecto á importación e exportación de uva entre as diversas subzonas, O Condado manifesta cada ano un crecemento da actividade vinificadora, derivada do incremento da actividade importadora.

REXISTRO

No aspecto cuantitativo destaca o crecemiento constante dos rexistros de viñedos e viticultores da Denominación de Orixe. No aspecto cualitativo destaca a estabilidade dos rendementos uva/viño.

ADEGAS

Un dos datos máis significativos corresponde á Distribución de Adegas por orde de produción. Mentres en 2005 había 53 adegas que producían por riba de 50.000 litros, en 2006 pasaron a ser 58, o que supón un importante aumento na capacidade productiva.

EXPORTACION

Canto as Exportacións, ademais do aumento global das cifras en 2006, tamén compre salienta-la aparición de mercados como o irlandés, así como destacar o aumento das exportacións ao Reino Unido e a consolidación de USA como principal.

EXPORTACIÓNS 2001-2006 (Volume en litros)



EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 1997-2006 (Volume en litros)



Exportacións por países - Ano 2006 (litros)

Alemaña	127.558,25
Austria	3.536,25
Bélxica	43.131,75
Dinamarca	9.576,00
Finlandia	3.808,25
Francia	15.123,50
Grecia	0,00
Holanda	32.637,00
Irlanda	34.222,50
Italia	2.453,50
Luxemburgo	2.160,50
Portugal	14.652,00
Reino Unido	238.983,25
Hungría	211,50
Poloña	4.177,50
Rep. Checa	3.147,00
Letonia	414,75
Chipre	0,00
Lituania	864,00
Estonia	450,00
Eslovaquia	0,00
Malta	0,00
Eslovenia	0,00
Suecia	30.869,00
TOTAL UE	**567.976,50**

Andorra	18.609,50
Islandia	90,00
Liechtenstein	0,00
Noruega	34.664,00
Suiza	93.970,75
TOTAL EEE	**147.334,25**
Rusia	3.151,00
Outros	822,00
RESTO EUROPA	**3.973,00**
China	333,00
Xapón	33.817,50
Filipinas	247,50
Singapur	1.133,75
Taiwan	351,00
Outros	2.209,50
TOTAL ASIA	**38.092,25**
Emiratos Arabes	112,50
TOTAL AFRICA	**112,50**

Arxentina	2.160,00
Brasil	7.357,50
Canadá	31.918,00
Colombia	2.358,00
Cuba	3.853,50
O Salvador	0,00
Guatemala	653,00
E.E.U.U.	1.002.847,00
México	58.141,50
Nicaragua	0,00
Porto Rico	121.204,25
Costa Rica	4.347,00
Rep. Dominicana	16.633,50
Venezuela	14.661,00
Perú	27,00
Panamá	9.111,00
Uruguai	0,00
Outros	2.115,00
TOTAL AMERICA	**1.277.387,25**
Australia	11.363,00
Nova Zelanda	3.141,00
TOTAL OCEANIA	**14.504,00**

INGRESOS ORDINARIOS

CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**1.354.500,00**
ARTIGO 33 - TAXAS PARAFISCAIS	1.178.300,00
01 - EXACCIÓN S/PLANTACIÓNS INSCRITAS (CANON VIÑEDO)	151.000,00
02 - EXACCIÓN S/PRODUTOS AMPARADOS (CANON VIÑO)	833.300,00
04 - EXACCIÓN POR VENTA DE CONTRAETIQUETAS	194.000,00
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	176.200,00
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**42.000,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	42.000,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**5.000,00**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL	**216.000,00**
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS	**450.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	450.000,00
TOTAL INGRESOS	**2.067.500,00**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**131.100,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	100.000,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	31.100,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**171.650,00**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN	9.700,00
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	131.950,00
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVICIO	30.000,00
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS	**343.000,00**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	343.000,00
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.000,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**648.750,00**

CONTROL DE CALIDADE

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**219.000,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	94.500,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	32.500,00
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	92.000,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**215.700,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	215.700,00
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**6.000,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	6.000,00
TOTAL CONTROL CALIDADE	**440.700,00**

CAMPAÑA DE PUBLICIDADE

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**34.500,00**
ARTIGO 13 - LABORAIS	27.000,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	7.500,00
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**622.750,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	622.150,00
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**656.650,00**

PROMOCIÓN

CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**321.400,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	321.400,00
TOTAL PROMOCIÓN	**321.400,00**
TOTAL GASTOS	**2.067.500,00**

RESUMO DE INGRESOS

CANON E CONTRAETIQUETAS	1.178.300,00
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	181.200,00
TRANSFERENCIAS CORRENTES	258.000,00
REMANENTE ANOS ANTERIORES	450.000,00
TOTAL	**2.067.500,00**

RESUMO DE GASTOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO	648.750,00
CONTROL DE CALIDADE	440.700,00
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	978.050,00
TOTAL	**2.067.500,00**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**

KPMG Auditores S.L.
Arenal, 18
36201 Vigo

Informe de Auditoría de Estados Financieros

Al Pleno del Consello Regulador da
Denominación de Orixe "Rías Baixas"

Hemos auditado los estados financieros del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" (el Consello), que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2006 y la cuenta de pérdidas y ganancias y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, cuya preparación es responsabilidad de la Dirección del Consello. Nuestra responsabilidad es expresar una opinión sobre los estados financieros tomados en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con las normas de auditoría generalmente aceptadas que requieren el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de los estados financieros y la evaluación de su presentación, de los principios contables aplicados y de las estimaciones realizadas.

De acuerdo con la legislación mercantil, la Dirección del Consello presenta, a efectos comparativos, con cada una de las partidas del balance de situación y de la cuenta de pérdidas y ganancias, además de las cifras del ejercicio 2006, las correspondientes al ejercicio anterior. Nuestra opinión se refiere exclusivamente a los estados financieros del ejercicio 2006. Con fecha 27 de junio de 2006 emitimos nuestro informe de auditoría acerca de los estados financieros del ejercicio 2005, en el que expresamos una opinión favorable.

En nuestra opinión, los estados financieros del ejercicio 2006 adjuntos expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" al 31 de diciembre de 2006 y de los resultados de sus operaciones durante el ejercicio anual terminado en dicha fecha y contienen la información necesaria y suficiente para su interpretación y comprensión adecuada, de conformidad con principios y normas contables generalmente aceptados que guardan uniformidad con los aplicados en el ejercicio anterior.

KPMG AUDITORES, S.L.

INSTITUTO DE CENSORES JURADOS DE CUENTAS DE ESPAÑA
Miembro ejerciente:
KPMG AUDITORES, S.L.

Francisco Rabadán Molero

Año 2007 Nº 04/07/00449
IMPORTE COLEGIAL: 85,00 EUR

Este informe está sujeto a la tasa aplicable establecida en la Ley 44/2002 de 22 de noviembre.

3 de abril de 2007

KPMG Auditores S.L., firma española miembro de KPMG International, sociedad suiza.

Inscrita en el Registro Oficial de Auditores de Cuentas con el n.º S0702, y en el Registro de Sociedades del Instituto de Censores Jurados de Cuentas con el n.º 10.
Reg. Mer. Madrid, T. 11.961, F. 90, Sec. 8, H. M-188.007, Inscrip. 9.ª
N.I.F. B-78510153

Labores dos Servizos Técnicos

Labores servicios técnicos 2007

RECOLLIDA E CUALIFICACION DE MOSTRAS

Recollida de mostras: 1.363
100 sesións de cata
10 sesións extraordinarias de apelación
42 catadores para catas ordinarias
6 catadores de apelación

1. VIÑEDOS

INSPECCIÓN SOBRE VIÑEDOS:
726 inspeccións sobre viñedos de nova inscripción

2. XESTIÓN DOCUMENTAL

ATENCIÓN DIRECTA:
Desprazamentos: 45
Actualización (viñedos xa inscritos): 836
Cambios de titularidade: 92
Baixas de viticultores: 88
Inscripción novos viñedos: 726

CONTROL DE VENDIMA

68 veedores
19.601 partidas de uva

FORMACIÓN Y PROMOCIÓN

Como tódolos anos desarrolláronse cursos e charlas destinadas a formación e a profesionais, en feiras nacionais, a grupos de sumilleres, Escolas de hostalería, Institutos de Empresa.
Tamén volvéronse desenvolver actividades de formación e reciclaxe do noso Panel de Cata, este ano orientado aos aromas en viños e identificación de defectos e virtudes, impartido por un enólogo experto de Burdeos.

INSPECCIÓN SOBRE ADEGAS

Inspección sobre adegas: 701
Asistencia transporte en adegas: 127
Asistencia de embotellados: 144
Realización de aforos: 368
Marcado de depósitos: 33
Inspección adegas nova inscripción: 5
Descorchados, retirada de etiquetas, etc: 24

REXISTRO ADEGAS

Inclusión novas adegas: 5
Cambios titularidade: 3
Baixas: 8
Autorización novas marcas: 80

CONTROL DE MERCADO

823 mostras
119 marcas de 51 adegas

CATAS

Desarrollo, preparación, colaboración e loxística en diferentes catas, (Cata de Cambados, Primeira Cata de Anadas Rías Baixas, Catas verticais en Minifeiras, etc.)

Promoción

Xaneiro

Actividades no mercado norteamericano

Dentro das actividades de promoción no mercado estadounidense celebrouse un encontro en Nova York que constou dun seminario informativo e unha cata e degustación con adegas de Rías Baixas.
O propósito era introduci-la campaña de promoción de Rías Baixas "Exceptional with everything, or nothing" ("Excepcional con todo, ou con nada") dirixida a un público urbano de 25 a 45 anos para incrementa-lo coñecemento dos viños albariños e o seu perfecto maridaxe cunha ampla gama de xantares, desde os tradicionais peixes e mariscos ata as novas tendencias da cociña, incluída a comida oriental.
O seminario estaba dirixido tamén a amplia-lo coñecemento desta terra e do seu clima, as diferentes elaboracións e as subzonas da Denominación de Orixe Rías Baixas.
Na cata posterior participaron dezanove adegas participantes na campaña de promoción en EE.UU.

Outro evento de promoción é a participación no Satellite Media Tour, unha emisión de radio dirixida por Leslie Sbrocco, xornalista e comunicadora, ademais de coñecedora do mundo do viño, que contactou desde os estudios de Nova York con emisoras dispersas de todo o país para falar sobre os Rías Baixas cos seus locutores.

En Nova York organizouse tamén un seminario sobre o maridaxe dos queixos e os viños da D.O. Rías Baixas ao que asistiron unhas 250 persoas.

Ademáis dos actos mencionados, a campaña americana incluíu a presencia en Festivais de Alimentación e Bebidas como o "South Beach Food & Wine Festival" (24-26 de Febreiro), a "James Beard Awards" de Nova York (8 de Maio), a "Aspen Food & Wine Classi2c (16-18 de Xuño), as "Great Matches" de San Diego (6 de Xuño), San Francisco (8 de Xuño), Washington DC (Septembro), Nova York (21 de Setembro), e Miami (8 de Novembro); a "World of Flavors Conference" en Greystone (2-4 de Novembro); a "Hamptons Wine & Food Festival" (11-13 de Agosto); ou o "Saratoga Wines & Food Festival" (8-10 de Setembro) e o "International Culinary Center Madrid Fusion" (12-14 de Outubro).

Ademais, no marco deste plan de promoción púxose en marcha un programa especial de Incentivos de Vendas ("Rías Baixas Importer Trade Incentive Program") para estimular a venda de viño Rías Baixas entre os comerciais de tendas especializadas e reataurantes a través de promocións específicas

Semifinal Nariz de Oro en Sevilla

Durante o ano 2006 o Consello Regulador patrocinou o concurso Nariz de Oro 2006 e Sumiller Novel Rías Baixas Albariño 2006.
Para o primeiro premio celebráronse unha serie de semifinais en distintas cidades de España para acceder a Gran Final da que saíu elixido o Sumiller Nariz de Oro 2006 .
No caso do Sumiller Novel tratase de escoller ao mellor entre os sumilleres menores de 25 anos nunha proba estructurada en tres preguntas xenéricas sobre a Denominación e unha cata comentada dun viño Rías Baixas.
Así mesmo, durante o concurso celébrase tamén unha Mostra Gastronómica e de Viños na que o Consello Regulador participa como expositor, ofrecendo tamén viño xenérico para degustación ás persoas invitadas (sumilleres, restauradores, tendas especializadas, afeccionados, medios de comunicación e suscriptores da revista "Vino y Gastronomía"). Na convocatoria da Nariz de Oro participa activamente a rede de Clubs del Gourmet de El Corte Inglés.

Visita Denominación Somontano

Os membros do Pleno da Denominación de Orixe Somontano visitaron a D.O. Rías Baixas para

coñecer in situ as adegas, viños e técnicas de elaboración.

Programa de Xestión de Adegas

Nun acto celebrado na sede do Consello Regulador da DO Rías Baixas, no Pazo de Mugartegui, foi presentado as adegas un novo programa para a xestión integral das adegas.

Febreiro

As actividades de promoción completáronse cun seminario dirixido a 100 persoas sobre os viños da nosa Denominación de Orixe, ofrecido polos expertos Chris Miller e Mary Gorman.

Curso de Dirección e Xestión de Adegas

O Consello Regulador en colaboración coa Confederación de Empresarios de Pontevedra organizou un curso sobre "Dirección e Xestión de Adegas" para actualizar e ampliar os coñecementos de xerentes de adegas e persoas con experiencia no sector.
O curso, englobado nas actividades de formación do Consello Regulador, foi impartido por profesionais de ampla e contrastada experiencia e tivo unha duración de 195 horas. A formación estivo distribuída en cinco módulos: Organización e as súas persoas, Produción Vitivinícola, Calidade nas Adegas, Venda e Comercialización Vinícola e Cata do Viño.
O obxectivo marcado era coñece-las técnicas de elaboración máis avanzadas e capacitar aos xestores no dominio dos mercados de exportación, así como facilita-la planificación estratéxica do marqueting de viños.
Na lección inaugural que serviu de presentación do curso, José Manuel García Eive, xefe do servicio de Calidade Alimentaria da Consellería de Medio Rural, destacou a posición das empresas vitivinícolas españolas entre as primeiras de Europa, e informou da vontade do goberno galego de promove-las prácticas de exportación nas empresas.
Tamén interveu na presentación o secretario xeral da CEP, Ramón Rúa, que destacou o papel clave que ten o sector vitivinícola en Galicia e en Pontevedra en Particular, a confirmou por eso o apoio da organización empresarial.
Por último, o secretario-xerente do Consello Regulador, Ramón Huidobro, destacou o empeño do sector en seguir mellorando os parámetros de calidade e neste sentido enmarcou a firme aposta pola formación de cadros e empresarios para seguir asentando o sector.

Festival de South Beach

As adegas que participaron na campaña de promoción en EE.UU. estiveron presentes na Food&Wine Festival de South Beach cunha mesa de Rías Baixas.

Semifinal Nariz de Oro en Barcelona

Na semifinal celebrada en Barcelona foron seleccionados os finalistas de Cataluña para a gran final do Nariz de Ouro e o Sumiller Novel Rías Baixas Albariño, que se celebraría despois en Madrid.

Marzo

Cincuenta adegas en Alimentaria 2006

Moi positiva foi para o sector a participación na feira profesional Alimentaria 2006 de Barcelona, segundo o Consello Regulador da DO. Esta cita bianual converteuse xa nunha referencia para o sector de Alimentación y Bebidas mundial, e está considerada a segunda do mundo en importancia. Participan as empresas máis representativas do sector no noso país, así como tódalas Denominacións de Orixe españolas. Durante a

NOVAS

Marzo

Rompendo barreiras na exportación

Durante un almorzo na sede do Consello Regulador no Pazo de Mugartegui foron presentadas as cifras de exportación dos Rías Baixas aos medios de comunicación.
Os mercados exteriores e interiores ratifican unha vez máis o bo camiño dos viños Rías Baixas. En 2005 o crecemento da comercialización foi dun 18,51 % e durante o pasado exercicio o Consello Regulador cualificou un total de 12.800.000 litros de viño, o que se traduce en máis de 17 millóns de botellas comercializadas.
Unha evolución que avala o traballo dun sector atomizado, certamente, pero tamén moi cohesionado e empeñado no crecemento e a mellora da calidade dos produtos.
Tras varios anos de magníficas colleitas, en 2005 recolléronse 21.881.175 quilos de uva, a maior cantidade de tódalas denominacións galegas, cun alto grao medio e unha acidez equilibrada.
No mercado exterior, as cifras de exportación do exercicio 2004-2005 son de 1.543.758 litros vendidos, traducidas en 2.058.344 botellas e que representan un incremento dun 29 % no volume de vendas.
Por zonas xeográficas, destaca o incremento do 34,68 % das exportacións no continente americano, con atención especial ao mercado dos Estados Unidos onde o incremento foi de 40 % no volume de vendas, con 755.330 litros vendidos, case a metade do exportado pola Denominación.
Estas cifras demostran o éxito da campaña conxunta que a DO Rías Baixas e o ICEX desenvolveron desde xuño de 2005 nos Estados Unidos, onde Rías Baixas representará aos brancos de calidade españois durante tres anos. A campaña inclúe accións de promoción en puntos de venda, relacións públicas, formación e márqueting.
Outros mercados internacionais son Canadá, Irlanda e Xapón, con crecementos dun 180,33 %, 130,23 % e 47,68 % respectivamente, zonas onde os Rías Baixas deben superar os obstáculos de mercados sometidos a monopolios ou penetrar en zonas que non son tradicionais para os nosos viños.
Paralelamente, o Consello Regulador está dedicando importantes esforzos para estar presentes nas principais feiras nacionais ou internacionais como Alimentaria Intervin, Gourmets, Salimat, Salón Internacional del Vino, Prowine, London Wine ou Alimentaria México.
Tamén se están a facer presentacións en distintas cidades españolas para abrir novos mercados ou afianzar canais de distribución existentes.

Eloxios dos expertos

O traballo realizado na D.O. Rías Baixas non pasa desapercibido para os expertos nacionais e internacionais que no último ano distinguiron aos viños da Denominación en catas, concursos, mencións e guías.
Nun artigo publicado en Food&Wine, o máis célebre crítico estadounidense, Robert Parker, afirmaba que vía a España "como un líder emerxente en viños de calidade e creatividade, que combina as máis finas características da tradición cunha moderna e progresiva filosofía enolóxica". O autor da prestixiosa guía The Wine Advocate, asegura nunha información publicada en El País que "a primeira vez que probei o viño albariño, de Galicia, quedei abraiado polo estimulante era, a súa complexidade, o seu aroma.... Agora, en moitos restaurantes estadounidenses pódese pedir un albariño".
Na súa guía, Parker destacou 13 marcas de Rías Baixas cunhas excelentes puntuacións entre 86 e 92 puntos sobre 100, máxime se se ten en conta que os viños brancos teñen sempre puntuacións inferiores aos tintos.
Outros artigos eloxiosos foron publicados no magazine Smart Money do Wall Street Journal, que dedicaba unha reportaxe aos viños da DO Rías Baixas, ou na revista Life, onde Tim Taquín escribiu que "Galicia converteuse na rexión produtora de viños brancos máis importante de España, grazas a unha uva: a albariña, que combina frescura e finura".
Outro reputado crítico, Michael Franz, nun artigo publicado no Washington Post confesaba tamén a súa admiración polos novos viños brancos españois e o xornalista incluía nese texto unha selección persoal dos mellores brancos na que aparecían oito marcas de Rías Baixas, dos que destacaba o criterios de calidade e frescura.
Tamén a revista de viños máis lida no mundo, Wine Spectator, incluía dúas marcas Rías Baixas nos seus listados de mellores viños do mundo en 2005: concretamente unha no seu Top 100 (o único branco español presente na lista) e outra na lista de Grandes Valores.
Tamén en España, José Peñín, un dos máis prestixiosos e coñecidos xornalistas españois de viños, visitou a sede do Consello Regulador para catar 127 marcas e aproveitou para destaca-la "maduración das anadas anteriores na botella dun xeito serio e orixinal".

13 marcas premiadas en Bacchus 2006

Trece marcas de Rías Baixas saldaron con éxito a súa participación no concurso internacional de viños Bacchus 2006, organizado pola Unión Española de Catadores por encargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e celebrado en Madrid.
Os viños galegos competían cun total de 1.433 viños de todo o mundo e foron valorados por 60 expertos dun total de 20 países. Os galardóns aos viños desta DO son o recoñecemento á magnífica labor das adegas e viticultores, e ao traballo de control e de calidade realizado polo Consello Regulador.
Con estes trece premios dos vinte que viaxaron a Galicia no Bacchus 2006, a Denominación Rías Baixas resulta a DO máis premiada no concurso.
Entre os viños premiados atópanse marcas con anadas de 2004, o que ven a romper ademais o tópico dos Rías Baixas como viños que se han consumir no ano e demostra a grande evolución que os nosos viños teñen na botella.

feira están presentes compradores internacionais, ademais dos principais canais de distribución e medios de comunicación.
Na edición deste ano, a DO Rías Baixas foi a Barcelona por primeira vez cun caseta propio, situado no pavillón Intervin, dedicado a viños e espirituosos. Esta especie de macroadega de Alimentaria chegaba este ano a súa 9ª edición e cos seus 28.000 m² de superficie total, é un dos salóns máis fortes da feira e unha referencia internacional.
Por parte de DO Ría Baixas estiveron presentes un total de cincuenta adegas, sexa baixo o paraugas do Consello, no caseta institucional da Consellería do Medio Rural ou cun espazo propio, o que converteu a Rías Baixas na DO galega con máis presencia no recinto.

Curso de Inglés para o Viño

A través dun seminario no que participaron os departamentos comercial, técnico e de exportación das adegas adscritas á Denominación, o Consello Regulador ofreceu un Curso de Inglés para o Viño dentro das súas actividades formativas.
O encargado de imparti-lo curso foi profesor Andrew Black, reputado experto en formación polas universidades de Sheffield e Southampton e gran coñecedor do mundo do viño, que desde hai tempo se dedica ao ensino do inglés en adegas de España e Francia .
Con clases desenvoltas exclusivamente en inglés, os alumnos recibiron unha formación teórica e práctica sobre vocabulario xeral do viño e tamén o específico dos viños brancos, da terra, do clima e da paisaxe, así como en aspectos da evolución do gusto e o estilo nos viños. As clases completáronse con prácticas consistentes por exemplo en sesións de cata observadas desde un punto de vista técnico e comercial. E, finalmente, dedicáronse varias sesións á comunicación comercial escrita e os traballo do día a día nas adegas.

Wine Awards 2006

O Consello Regulador estivo presente a través do ICEX na cea de gala previa á entrega destes prestixiosos premios. Dez marcas da Denominación Rías Baixas estiveron na mesa

e acapararon o interese do público e a prensa especializada que estivo presente no evento. Un público moi selecto, xa que o cuberto roldaba os 300 euros.

Éxitos na feira alemana Prowein

Cun caseta de 16 m² incluído no pavillón español do ICEX no que estaban representadas dezaoito adegas, os viños Rías Baixas participaron con notable éxito en Prowein 2006, a doceava edición desta feira profesional de viños e bebidas espirituosas que se celebra en Dusseldorf (Alemaña).
No recinto de Messe que conta con máis de 35.000 m² de superficie, no que se instalaron máis de 2.750 expositores procedentes de 40 países, déronse cita máis de 28.500 visitantes profesionais. O pavillón Viños de España tiña unha superficie de 1.660 m² e contaba con 108 expositores.
Ademais da actividade da feira, os Rías Baixas estiveron tamén presentes na cea de gala dos Wine Awards 2006 nos salóns do castelo de Schloss Bensberg, cerca de Coloña.
A este encontro acudiron más de 500 invitados pertencentes ao mundo da economía, a política e a nobreza.
Unha cita de referencia para o sector, onde os Rías Baixas puideron ser degustados entre outros produtos de calidade de España.
Alemaña ven sendo un dos mercados tradicionais para a D.O. Rías Baixas, ocupando o segundo lugar en exportacións, tras o Reino Unido, na lista de mercados europeos dos nosos viños.
No último exercicio, as vendas en Alemaña medraron un 25 %, cegando aos 96.503 litros comercializados.
A feira Prowein é un escenario perfecto para manter contacto directo cos prescriptores internacionais e informar de primeira man das novidades nos Rías Baixas.

Abril

Minifeira en Valencia

Coa participación de 18 adegas da DO Rías Baixas tivo lugar en Valencia unha minifeira que congregou a máis de 500 profesionais do sector.
A minifeira desenvolveuse nunha única xornada onde tivo lugar un almorzo con representantes de quince medios de prensa especializada ou xeneralista de Valencia, un mercado maduro no consumo de viños brancos de calidade, que atopa nos Rías Baixas un produto que combina perfectamente coa dieta mediterránea.
Pola tarde houbo unha charla sobre a Denominación e os seus viños a cargo dun técnico do Consello Regulador dirixida a 25 sumilleres valencianos, que foi seguida da correspondente cata vertical e das diferentes elaboracións da DO, incluído o viño servido na Voda Real.
A minifeira rematou cunha cata e degustación dirixida ao sector profesional convocado ao efecto, formado por representantes de tendas especializadas, vinotecas, clubes de viños, restaurantes, hoteis, sumilleres, distribuidores, catadores, escolas de hostalería e prensa especializada.

Semifinal Nariz de Oro en Salamanca

Os finalistas de Castela-León para a Gran Final do Nariz de Ouro 2006 e para o Sumiller Novel Rías Baixas-Albariño saíron deste certame celebrado en Salamanca e onde os invitados, como é habitual, puideron degustar viño xenérico de Rías Baixas e recibiron información sobre a nosa denominación.

Charla no Instituto da Empresa en Madrid

Unha charla seguida dunha cata de viños da DO Rías Baixas tivo lugar no Instituto de Empresa de Madrid coa intención de fidelizar e dar a coñecer os nosos viños a antigos alumnos do Instituto, que son hoxe directivos de empresas e que actúan como en certa medida como prescriptores.

Maio

Misión inversa de Suecia

Un grupo de tres importadores de Suecia visitaron a Denominación con motivo dunha misión inversa organizada polo ICEX. Os compoñentes eran gañadores dun concurso sobre viños de España, organizado pola oficina comercial de Suecia.

O Salón Gourmets

Na zona expositiva da Casa de Campo en Madrid celebrouse un ano máis a tradicional feira de bebidas e alimentación Gourmets 2006 á que asistiron as adegas de Rías Baixas ben a través do caseta institucional da Xunta, cos seus distribuidores ou ben no seu propio espazo.
Este salón ten unha importante implantación no mercado madrileño, un dos destinos clásicos dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas. A feira reúne a máis de 1.200 expositores e acoden a ela uns 700 xornalistas.

Máis de 30 Rías Baixas na London Wine

Vintecinco adegas e trinta e cinco marcas de Rías Baixas estiveron presentes no caseta que o Consello Regulador tivo na importante feira London Wine, unha das máis prestixiosas do sector.
Para o Consello Regulador, o Reino Unido é o segundo mercado internacional en importancia, cun incremento dun 53 % en volume de exportación durante os últimos cinco anos.
Para esta cita anual o Consello Regulador dispuxo dun espazo propio de 14 m² entre os máis de

1.200 expositores de máis de 38 países reunidos na capital inglesa con motivo da XXVI edición dunha feira que reuniu o pasado ano a 13.000 visitantes profesionais.

Semifinal Nariz de Oro en Valencia

Seleccionados os finalistas da Comunidade Valencia para a Gran Final do Nariz de Ouro 2006 e para o Sumiller Novel Rías Baixas-Albariño.

Xuño

Programa de incentivos en EE.UU.

Para favorece-la promoción dos Rías Baixas, ponse en marcha un programa de incentivos de vendas aos importadores das adegas que participan na campaña de promoción USA 2006. Os comerciais, tendas especializadas ou restaurantes que máis viño vendan participan nun concurso cuxo premio é unha viaxe ás Rías Baixas.

Misión inversa americana

O prestixioso xornalista de Nova York, Michael Schachner americano, colaborador de "Wine Enthusiast" e outras revistas do sector visitou varias adegas da nosa denominación, catando os viños das adegas que participan na campaña de promoción en USA en colaboración co ICEX.

Promoción en México

En colaboración coa Oficina Comercial de México DF e con motivo da participación na Feira Alimentaria México 2006, organizáronse na capital azteca unha serie de actos de promoción que empezaron cun almorzo o 31 de maio para distribuidores, prensa especializada, sumilleres e representantes da oficina comercial e a Embaixada de España en México.
Para a ocasión organizouse un maridaxe de comida mexicana acompañada de viños Rías Baixas e antes do acto tivo lugar unha charla informativa sobre a nosa DO. Ademais distribuíse material informativo sobre os Viños e a Denominación Rías Baixas entre os participantes.

Campañas de prensa

Entre os días 5 de Xuño e 6 de Xullo desenvolveuse

Os premios Bacchus seguen os criterios establecidos pola Oficina Internacional da Viña e do Viño (O.I.V.) que impón unhas cualificacións mínimas para cada categoría de xeito que só os viños por riba dos 90 puntos sobre 100 o 85 sobre 100 poden recibir respectivamente os Bacchus "de Oro" ou "de Plata".
A Unión Española de Catadores é a primeira entidade que organizou en España un concurso homologado pola O.I.V. Desde o seu inicio, os premios Bacchus foron medrando en prestixio, número de países participantes e de mostras inscritas.
Os Rías Baixas estiveron na cea de gala dos premios Bacchus, onde participaron as adegas que quixeron sumarse a este patrocinio cos seus viños.

Abril

Reunión con adegas da Campaña USA

Na sede do Consello Regulador en Mugartegui, celebrouse unha reunión das adegas participantes na campaña de promoción en EE.UU. coas representantes do ICEX Rocío Alberdi e Rosa Angulo, na que se explicaron as conclusións das actividades realizadas ao longo de 2005 e as que estaban previstas para 2006.

Maio

Máis de 30 Rías Baixas na London Wine

A estancia dos Rías Baixas na London Wine foi especialmente fructífera este ano. Os viños da DO recibiron un total de vintenove recoñecementos nos concursos Decanter World Wine Awards e International Wine Challenge.
Vintecinco adegas e trinta e cinco marcas de Rías Baixas estiveron presentes no caseta que o Consello Regulador tivo na importante feira London Wine, unha das máis prestixiosas do sector.
Para o Consello Regulador, o Reino Unido é o segundo mercado internacional en importancia, cun incremento dun 53 % en volume de exportación durante os últimos cinco anos.
Para esta cita anual o Consello Regulador dispuxo dun espazo propio de 14 m^2 entre os máis de 1.200 expositores de máis de 38 países reunidos na capital inglesa con motivo da XXVI edición dunha feira que reuniu o pasado ano a 13.000 visitantes profesionais.
Como explicou o secretario-xerente do CRDO, Ramón Huidobro, "durante a estancia na London Wine poidemos percibir que os viños Rías Baixas están de moda e que operadores búscanos polo seu prestixio e calidade". En efecto, os Rías Baixas incrementaron en máis dun 38 % as vendas no Reino Unido durante o último quinquenio.
Dous ouros, tres pratas, cinco bronces e sete recomendacións no International Wine Challenge, e cinco bronces e sete recomendacións no Decanter World Wine Awards que se veñen sumar ao conxunto de premios recibidos ao longo deste ano.
O primeiro dos certames é un prestixioso concurso cunha reputación baseada na calidade e na experiencia do seu xurado composto por enólogos, distribuidores e xornalistas de todo o mundo.
Os Decanter son un dos premios máis influentes de todo o mundo e outórgaos a prestixiosa revista británica do mesmo nome.

Xullo

2005: unha anada excelente

O pleno do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas decidiu outorga-la máxima cualificación, "Excelente", á engada 2005 tras comprobar que os viños desta colleita ofrecen os mellores parámetros de calidade dos últimos anos.
A decisión está baseada nos informes do Departamento Técnico que conta co apoio dun panel de cata de máis de corenta expertos e catorce aspirantes, responsables de certifica-la calidade de todos e cada un dos depósitos das adegas antes do embotellado. A súas valoracións son a garantía na que repousa a decisión do Consello Regulador.
A súa presidenta, Marisol Bueno, amosou a súa satisfacción polo resultado e cualificou a decisión de "moi meditada, difícil e de grande responsabilidade, debido a que a anada do pasado ano foi tamén cualificada de excelente. Pero é que a de 2005 tamén é dunha calidade extraordinaria", explicou.
A vendima 2005 resultou ser a segunda colleita en abundancia da historia da Denominación Rías Baixas, con 21.881.175 quilos de uva. Así pois, unha vendima histórica en calidade e cantidade.
Segundo Marisol Bueno era o esperable: "nada máis rematada a vendima xa se agardaba un bo resultado. O bo tempo acompañou as labores de campo, a uva entrou nas adegas cun magnífico estado sanitario, cun elevado grao e unha acidez equilibrada, o que deu lugar a moi bos mostos. E estou segura de que estes viños seguirán dando a cara dentro de varios anos".

unha campaña de publicidade específica para as revistas semanais e os magazines da prensa diaria máis importantes a nivel nacional. A campaña incluíu 18 inserciónns de páxinas completas ou medias páxinas en El Mundo Magazine, XL Semanal, El País Semanal, La Vanguadia Magazine e Fuera de Serie.

Final Nariz de Oro en Madrid

A final do concurso Nariz de Oro tivo lugar finalmente en Madrid, tras as semifinais celebradas en Pamplona, Barcelona, Sevilla, Salamanca e Valencia, patrocinadas todas elas polo Consello Regulador.

O gañador absoluto Nariz de Oro 2006 foi un mozo barcelonés. Ao longo de toda a mostra a DO Rías Baixas dispuxo dun caseta de promoción na mostra paralela ao concurso.

Presencia en Silleda

Seis adegas da Denominación Rías Baixas participaron no certame Salimat, celebrado en Silleda, cun caseta subvencionado polo Consello Regulador.
Trátase dun certame que cobra forza cada ano e unha cita ineludible para o sector profesional galego e asturiano, e tamén para os importadores estranxeiros.

Minifeira en Cádiz

Un almorzo no que participaron as adegas presentes na minifeira e a prensa especializada serviu de arranque a este evento, que se completou cunha xornada técnica de tarde, dirixida a 25 sumilleres de Cádiz, composta dunha charla e unha cata de diferentes elaboracións de Rías Baixas e outra vertical.
Os actos remataron cunha cata e degustación para todo o sector profesional invitado á minifeira.

Misión inversa americana

Seis prestixiosos xornalistas americanos visitaron a Denominación no marco da Campaña de Promoción USA 2006. Tiveron ocasión de achegarse a diferentes adegas, cata-los viños participantes na campaña e entrar en contacto coa gastronomía, a cultura e a paisaxe galegas.

Albariños galegos e portugueses

A revista Sobremesa organizou un evento para

catar viños albariños galegos e portugueses na que participaron sete catadores de cada zona vitivinícola.

Xullo

Misión inversa mexicana

Seis importadores de México visitaron a Denominación de Orixe nunha xornada dividida en tres actos: visita e charla a cargo dun técnico do Consello Regulador, mesa de traballo con 30 adegas de Rías Baixas e visita a dúas adegas.

Festa do Viño do Rosal

O Consello Regulador participou co seu caseta institucional nesta importante festa do viño, celebrada no concello do Rosal á que acoden tódalas adegas da zona.

Cata Gallaecia

Organizada pola asociación Gallaecia tivo lugar nas instalacións do Pazo de Mugartegui unha cata de 145 viños da Denominación á cargo de 30 catadores da asociación.

Misión inversa de Alemaña

Sete xornalistas alemáns visitaron a DO no mes de xullo. Todos eles e elas traballan para revistas especializadas ou axencias no seu país.

Agosto

Festa do Albariño en Cambados

Na LIV edición da célebre Festa do Albariño de Cambados, o Consello Regulador estreou os novos casetas, un total de 42, nos que estiveron presentes 47 adegas.
Durante a festa organizouse a visita de 14 xornalistas nacionais de prestixio para os que se organizaron unha serie de actividades de achegamento á realidade do Rías Baixas: desde unha cata ata unha travesía en barco pola ría de Arousa.

Setembro

Xornalistas na vendima

Co obxectivo de favorecer unha difusión axeitada dos datos da vendima nos seus respectivos medios foron invitados a visitar as zonas de Rías Baixas unha serie de xornalistas do ABC e Las Provincias (Valencia) así como os profesionais do programa "Agrosfera" de TVE.
Coa mesma finalidade de promoción e difusión foi invitado a visita-la DO Rías Baixas Enrique Bellver, experto crítico gastronómico do Diario Sur e xornalista de Canal Sur.

Outubro

Evento en Nova York

O Consello Regulador estivo presente en "The Submmit" de Nova York, un evento de gastronomía e viños no que contou con dúas mesas: unha para o IGAPE e outra con motivo da Campaña de Promoción USA 2006 en colaboración co ICEX.

Misión inversa de Taiwán

Cinco xornalistas procedentes de Taiwán participaron nunha misión inversa na que tiveron ocasión de visitar adegas e viñedos da DO Rías Baixas e afondar no coñecemento da nosa cultura.

Minifeira en Oviedo

Un almorzo coa prensa especializada e xeneralista, unha presentación técnica e unha cata con 25 sumilleres, neste caso de Oviedo, foron os actos principais desta minifeira que o Consello Regulador ven organizando por toda a xeografía española.
Os actos pecháronse coa habitual cata e degustación para o público profesional especialmente invitado ao acto.

Novembro

Programa con escolas de hostalería suízas

Desde hai seis anos a Oficina Comercial da embaixada española en Suíza iniciou un programa de colaboración con escolas de Hostalería e de Sumilleres dentro dos plans sectoriais de viños en Suíza. A Denominación Rías Baixas foi obxecto de seminarios en catro escolas en Chur, Thun, Vitznau e Glion.
A finalidade do programa é potencia-la presencia de "Viños de España" nas escolas máis prestixiosas, en colaboración coas DD.OO., impartindo cursos informativos. Esta iniciativa permite que a DO poda ser presentada en tódalas escolas inscritas no programa. Tras os cursos,

profesores das escolas participan nunha misión coas DD.OO. correspondentes, coa idea de crear vínculos entre ámbalas entidades. En ocasións os profesores programan logo cursiños específicos sobre as DD.OO. visitadas.

Desembarco en Canarias

O primeiro gran acto de promoción dos viños Rías Baixas celebrouse cunha presentación á que acudiron máis de vinte adegas de Denominación.
A responsable de Promoción do Consello Regulador, Eva Mínguez, explicou durante o acto que "as Illas Canarias son un gran mercado potencial e os nosos viños poden ser un perfecto acompañante da súa gastronomía e do seu clima".
A primeira das citas desta presentación tivo lugar en Las Palmas de Gran Canaria, onde ser reuniron uns 400 profesionais do sector da distribución,

a restauración e a hostalería da illa. Organizouse tamén unha cata de viños de diferentes anadas, baixo a dirección dun técnico do Consello Regulador, na que participaron 25 sumilleres.
Citas posteriores tiveron lugar en Tenerife, onde acudiron tamén uns 300 profesionais dos citados sectores.
O xerente do Consello Regulador, Ramón Huidobro, destacou que "Canarias era unha cita obrigada, xa que hai adegas que distribúen aquí os seus produtos pensando no consumidor canario pero tamén no turista estranxeiro, disposto a valora-la calidade dos nosos viños".

Tamén as perspectivas de ventas eran boas, porque os datos que manexaba o Consello Regulador anunciaban un incremento de 21% nas cifras de venda a mediados de ano con relación a 2005. Unhas expectativas que viñan a sumarse aos recoñecementos, que a esas alturas do ano incluían xa premios como os galardóns obtidos por nove marcas de Rías Baixas no Concurso Mundial de Bruxelas 2006 ou os trece viños premiados no Challenge International du Vin de Burdeos. Premios que se viñan sumar a outros concedidos na International Wine Challenge de Londres ou nos Wine Master de Estoril.
Por outra banda a DO Rías Baixas elixiu Santiago de Compostela para presenta-la anada 2006 nun acto no que partiparán 85 adegas con 117 marcas de viño, toda unha marca histórica de participación empresarial nun acto destas características tanto dentro como fora de Galicia.
A presentación será acompañada dunha xornada de traballo dirixida ao sector profesional galego na que van participar uns 500 profesionais da hostalería e a alimentación, así como sumilleres.

Setembro

Medallas en Xapón

Sete viños da Denominación Rías Baixas foron recoñecidos con tres medallas de prata e catro de bronce no Japan Wine Challenge 2006 celebrada en xuño. Son todos eles viños da anada 2005 recentemente cualificada de "Excelente" polo Consello Regulador.
Son así uns oitenta recoñecementos os que os nosos viños teñen recibido este ano en certames nacionais ou internacionais.
Segundo os expertos, o "Japan Wine Challenge" é o certame máis destacado do continente asiático e é como a porta de entrada no mercado xaponés, un país no que as exportacións de Rías Baixas medraron o pasado ano un 47,68 %, o que sitúa a Xapón no sétimo posto en importancia, tras importadores tradicionais como EE.UU., Inglaterra ou Alemaña.
O concurso xaponés conta cun panel de expertos internacionais procedentes de países viticultores como España, Francia, Italia Australia ou Chile, aos que se sumaron expertos de EE.UU. ou Brasil.

Outubro

Os eloxios de Robert Parker

Un dos gurús internacionais do viño, o estadounidense Robert Parker, resaltou as múltiples cualidades que fan do Albariño, "un dos grandes regalos de España ao mundo do viño", nun artigo publicado no semanario norteamericano "Business Week".
Ademais de eloxiar a cualidades da nosa uva, o crítico destacou que "o albariño é o único viño español coñecido pola variedade da uva" o que caracteriza a estes viños como xenuínos Rías Baixas.
Tras eloxiar á elegancia e a esencia floral dos nosos viños, "que permiten un perfecto maridaxe co marisco", Robert Parker recomenda seis viños da DO Rías Baixas que se poden atopar no mercado americano e que cualifica entre os 68 e os 92 puntos sobre cen, valoracións todas elas moi altas para os viños brancos.
EE.UU. segue a ser un mercado esencial para os Rías Baixas porque consume case a metade do que exporta a denominación. O Consello Regulador desenvolve nestes anos unha campaña co ICEX encabezada polos Rías Baixas para a promoción dos viños brancos españois.

Unha vendima de máis de 30 millóns de quilos

Na penúltima semana de outubro concluíu oficialmente a vendima na DO Rías Baixas cunha colleita sen precedentes na historia da denominación, tanto en calidade como en cantidade. Recolléronse un total de 30.608.944 quilos de uva, unha produción 40 % máis ca pasada campaña.
Para o departamento técnico os froitos atopábanse nun estado sanitario óptimo: "esta campaña sorprendeu polo tamaño e o peso dos acios e polo alto rendemento dos mostos". Os técnicos destacaron tamén que "a maduración da uva foi inmellorable, os mostos son moi aromáticos, e hai unha boa relación grao-acidez". En canto as castes, o albariño continúa á cabeza da produción, con 29.988.336 quilos de uva, un 92 % do total da Denominación.
Desde o Consello Regulador destacouse o alto nivel profesional do sector, que, un ano máis, converteron as labores de vendima en Rías Baixas nun exemplo de cohesión e colaboración por parte de todos. Resaltouse así mesmo o esforzo na aplicación dun regulamento (sobre todo con respecto a controis e rendementos) que prima a calidade "porque o futuro dos Rías Baixas pasa por defender a orixe e potenciar unha calidade recoñecida nos certames internacionais e destacada polos expertos máis influentes do mundo do viño", como explicou o secretario-xerente do Consello Regulador, Ramón Huidobro.
As cifras de vendima permitirán aos empresarios da Denominación continua-la aposta firme polos novos mercados internacionais, e incidir nos nacionais a través das presentacións como as que están previstas en Oviedo, Tenerife ou Las Palmas de Gran Canaria.

Promoción

As labores de promoción están enmarcadas no esforzo desenvolto nos últimos anos para reforza-la nosa presencia en toda España a través de feiras, presentacións, etc. e contribuír á proxección dunha imaxe de calidade dos nosos viños.

Expovina en Zurich

O Consello Regulador estivo presente na feira Expovina de Zurich (Suiza) e participou en dúas catas dirixidas sobre viños brancos da DO Rías Baixas no marco do "Foro dos Viños" (Weinforum) dentro do certame.
Expovina é a feira monográfica dirixida ao consumidor final máis importante de Suiza.

Salón Internacional de Madrid

A DO Rías Baixas participou no Salón Internacional de Madrid, dentro do pavillón oficial da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Curso sobre Detección de Defectos Sensoriais

Nunha acción formativa que se desenvolve periodicamente, o Panel de Cata do Consello Regulador participou nun curso sobre os "Defectos sensoriais dos viños".
Cun deseño teórico e práctico, Christophe Gerland, especialista microbiólogo e enólogo, instruíu aos participantes na detección de 25 defectos que se poden apreciar no viño, adestrándoos na detección e na explicación das orixes e causas de aparición, e tamén nas tácticas de prevención ou eliminación dos defectos se é posible. O curso se está a impartir nun circuíto de formación internacional en países como Francia, Chile ou Arxentina así como en diferentes zonas vinícolas españolas.

Seguridade e Calidade Alimentaria

Así mesmo o Consello Regulador organizou tamén unha xornada sobre "Seguridade e Calidade no Sector Alimentario" en colaboración coa empresa Serviguide e a entidade certificadora AENOR. A iniciativa, que tivo lugar no Pazo de Mugartegui, estaba dirixida a directivos, responsables e profesionais do sector e englóbase nas accións de formación do Consello Regulador. Os seus obxectivos eran difundi-los protocolos internacionais específicos da industria alimentaria, afondar no proceso de certificación no sector e analiza-la implantación dun sistema de xestión da seguridade alimentaria desde o punto de vista das empresas certificadas.

I Cata das Anadas

Viños de 2001 e de 2003 recibiron os galardóns "Colleita de Ouro" na primeira edición da Cata das Anadas celebrada no Parador Nacional de Cambados, á que asistiron o Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Alimentaria, Antonio Oca Fernández, a tenente de alcalde do concello Rosa Oubiña e o Delegado Provincial da Consellería de Medio Rural, Gonzalo Constenla, así como a presidenta do Consello Regulador da DO Rías Baixas, Marisol Bueno.
Participaron nesta primeira edición 38 adegas con 64 viños pertencentes a anadas anteriores a 2005, e 47 deles foron premiados con mención.
Entre as mostras que obtiveron o máximo galardón, a "Colleita de Ouro" están varios viños de 2003 e un de 2001. Pero un viño de 1995 e outro de 1999 recibiron "Colleitas de Prata" o que ven a demostra-lo potencial enolóxico das nosas variedades.
Así o destacou a presidenta do Consello, Marisol Bueno, que presentou a iniciativa como un xeito de "destaca-las posibilidades de guarda dos nosos viños" e de amosar "a boa evolución do produto en botella". Para a presidenta é importante "transmitir estas posibilidades das que nos falan os expertos a prescriptores e consumidores".
Para explicar este paso "importante e arriscado", Marisol Bueno referiuse á boa calidade das anadas dos últimos anos e a capacidade de envellecemento da caste albariño polo que "era o momento axeitado para desenvolver esta cata-concurso". De cara ao futuro, a presidenta resaltou que "o consumidor farase co tempo a que podan coexistir diferentes anadas dos nosos viños no mercado".
O panel de cata estaba formado por vinte persoas, doce delas técnicos do panel de expertos do Consello Regulador e oito persoas de recoñecido prestixio no mundo do viño, como Fernando Gurucharri, presidente da Unión Española de Catadores, Cristino Álvarez, crítico a gastrónomo, Bartolomé Sánchez, da editorial Opus Wine ou Guillermo Campos, director da revista de Hostalería e Turismo de Galicia ou Andres Proensa, autor da coñecida guía de viños do mesmo nome.

Feira Food & Hotel de Shanghai

O Consello Regulador participou na feira Food & Hotel de Shanghai dentro do pavillón oficial do ICEX. O mercado chinés está a coñecer un espectacular crecemento e mostrase moi interesado nos viños. Os asistentes tiveron ocasión de experimentar a maridaxe entre os Rías Baixas e diversos pratos de xantares orientais.

Decembro

Segunda parte do Curso de Inglés

O profesor Andrew Black volveu a Pontevedra para desenvolve-la segunda parte do curso de "Inglés para o Viño" deste programa formativo destinado aos departamentos comerciais, técnico e de exportación das adegas.
Os máis de 20 alumnos participantes afondaron nesta ocasión no vocabulario propio do viñedo, a viticultura ou as técnicas da colleita. O curso centrouse ademais en aspectos concretos do márqueting e a parte comercial con nocións sobre "packaging", etiquetado, feiras ou publicidade.

Campaña de Nadal

Como ven sendo habitual, o Consello Regulador contratou a campaña de publicidade de Nadal para reforza-la imaxe dos nosos viños neste importante momento de consumo estacional.
A campaña estaba dirixida a un público de 25 a 55 anos de idade, clase media, media-alta e residente en Galicia, mantendo o leit-motiv da convivencia entre o tradicional e o novo nun espazo común.
Insístese no valor do "Saber vivir dos galegos" como eixo, transmitido nunha imaxe única e diferenciadora que constou como é habitual dunha versión para televisión (spot de 20") así como anuncios para vallas e mupis.
A campaña desenvolveuse entre o 11 de Decembro e o 1 de Xaneiro nas principais cidades galegas e cadeas de televisión.

Reunión co ICEX e o IGAPE

A xefa de viños do ICEX e a representante do organismo en Galicia, xunto coa subdirectora de Promoción do IGAPE mantiveron unha reunión con representates do Consello Regulador para explica-las diversas actividades de promoción previstas por "Vinos de España" nos mercados internacionais e as diferentes ferramentas de internacionalización que o IGAPE pon a disposición das empresas.

Guía de Viños, Augardentes e Adegas de Galicia

Foi presentada na sede do Consello Regulador a "Guía de Vinos, Aguardientes y Bodegas de Galicia 2006/2007", obra do sumiller e master en Enoloxía Luis L. Padín e os xornalistas Nana López e Xosé Lorenzo e realizada a partir das catas dos membros da Asociación de Sumilleres de Gallaecia con datos de 92 adegas e 98 colleiteiros de Rías Baixas, máis de 340 viños referenciados e 93 augardentes e licores tradicionais.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ALBARIÑO D.O. RIAS BAIXAS

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Imaxe Nova de Comunicación. r/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO